

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32016339	IES de Allariz	Allariz	2022/2023

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	4
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	4
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	5
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	6
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	6
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	6
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	7
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	8
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	8
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	10
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	11
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	14
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	14
o) Outros apartados	15

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

Tal e como indica o artigo 7 do Decreto 156/2022 a educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Tal e como recolle o artigo 7 do Decreto 157/2022 o bacharelato contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
- b) Consolidar unha madurez persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da

aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e na mellora do seu ámbito social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente.

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.

n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.

o) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio cultural material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

A partir destes obxectivos e das distintas materias que se imparten no centro desenvolveranse as seguintes competencias:

1. Competencia en comunicación lingüística (CCL).
2. Competencia plurilingüe (CP).
3. Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).
4. Competencia dixital (CD).
5. Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
6. Competencia cidadá (CC).
7. Competencia emprendedora (CE).
8. Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

1. ESO -

Elementos transversais (Decreto 156/2022 Artigo 18)

1. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.

2. En todo caso, fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a

educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

3. Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

4. Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

5. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

1. Bacharelato

Elementos transversais (Artigo 19. Decreto 217/2022.)

1. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.

2. Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade, e o respecto polo Estado de dereito.

3. Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, e incorporarase transversalmente a realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

4. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

A metodoloxía no centro ten presente a diversidade, inclusión, coordinación, participación, colaboración, innovación, avaliación, recuperación, tecnolóxica e de relación coa contorna e réxese polos seguintes criterios:

1. Busca a calidade do ensino, de xeito que o alumnado acade as competencias máis posibles.
2. A equidade, é dicir, darlle a cada alumno/a o ensino que precisa.

3. A innovación para buscar as metodoloxías máis acaídas á consecución dos obxectivos.
4. A mellora continua dos procesos e metodoloxías a través da avaliación, análise e actuacións.
5. Respecto á atención a diversidade:
 1. Activa, participativa, favorecendo o traballo individual e cooperativo. Adecuación das metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titorías entre iguais, enfoque multidisciplinar, aprendizaxe por proxectos.
 2. Adaptada ás diferencias individuais e estilos de aprendizaxe, aplicando os principios do deseño universal para a aprendizaxe (DUA).

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

1. Estean acordes ao currículo legal.
2. Sexan acordes á metodoloxía de cada materia.
3. Sexan decididas nos departamentos e acordes coa concreción curricular do centro.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

1. Oferta o máis ampla posible acorde as necesidades do alumnado.
2. Oferta o máis ampla posible atendendo ao profesorado dispoñible.
3. Consolidar os bacharelatos científico tecnolóxico e ciencias sociais e humanidades.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

Criterios para o deseño das actividades complementarias:

1. As actividades deben traballar os contidos transversais do currículo.
2. As actividades sexan acordes ao Plan de Acción Titorial que desenvolve os contidos nos distintos cursos.
3. As actividades fomenten a integración, a igualdade, os hábitos saudables, o respecto á diferenza, os valores cívicos e o desenvolvemento sostible.
4. Evitarase a realización de actividades nos períodos de maior concentración de exames.
5. Nas excursións educativas deberán participar polo menos o 70% do alumnado para o que se proxecte. Non se consideran incluídas nesta limitación, debido as súas especiais características, as viaxes de intercambio de estudantes con outros Centros, nin os de fin de estudos.
6. Considérase que as actividades complementarias e extraescolares non poden supercar en ningún caso as 30 horas anuais por grupo, para deste xeito non distorsionar as actividades lectivas. No caso de 4º da ESO de maneira excepcional non se contabilizarán as horas da excursión de fin de etapa.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

Plan de reforzo para o alumnado de ESO que pase de curso con materias sen superar é unha medida ordinaria destinada ao alumnado que promocióne de curso con materias sen superar para facilitar a súa recuperación e superación. O plan deberá adaptarse ás particularidades de cada alumna ou alumno.

Elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente, tendo como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias.

O departamento didáctico correspondente, establecerá as directrices e velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno. O profesorado titor será informado.

CARACTERÍSTICAS:

O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

1. Identificación da alumna ou do alumno.
2. Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
3. Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
4. Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
5. Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
6. Tarefas para realizar, coa debida temporización.
7. Seguimento e avaliación.
8. Acreditación da información á familia.

RESPONSABLES:

Elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente, baixo as directrices do departamento didáctico correspondente. Así mesmo, os departamentos velarán pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

SEGUIMENTO:

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan.

Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación.

En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (art.51).

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso é unha medida destinada ao alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso e ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

Este plan elaborarao o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

CARACTERÍSTICAS:

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

1. Identificación da alumna ou do alumno. b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
2. Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
3. Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
4. Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
5. De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
6. Acreditación da información á familia.

RESPONSABLES

Elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor para desenvolverse ao longo de todo o curso.

SEGUIMIENTO

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

(Información presentada na CCP 7 de abril 2022)

ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (art.52).

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

Promoción ESO

Dun curso a outro na sesión de avaliación final de cada curso:

- Todas as materias aprobadas.
- Suspenso unha ou dúas materias do propio curso e/ou de cursos anteriores.

Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción sempre que se cumpran todas as condicións seguintes:

1. A media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias nas que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

2. Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.

3. Que o equipo docente estime que ten expectativas favorables de recuperación.

4. Que o equipo docente estime que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

Repetición de curso

O mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio.

Excepcionalmente poderase permanecer un ano máis no 4º curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias da etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade.

Plan de Reforzo

O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir en cada unha desas materias un plan de reforzo.

Título de graduado en educación secundaria obrigatoria

Con todas as materias aprobadas

O equipo docente poderá decidir a obtención do título sempre que se cumpran todas as seguintes condicións.

a) Media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada/o sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a xuízo do equipo docente adquirise as competencias establecidas.

c) Que a xuízo do equipo docente alcanzase os obxectivos da etapa.

Consello Orientador

O alumnado recibirá unha proposta sobre a opción-s académicas, formativas ou profesionais que se consideran máis convenientes.

Matrícula de honra

Nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos, máximo 5 % do total de alumnado matriculado en 4º curso.

O título de graduado en educación secundaria obrigatoria será único e expedirase sen cualificación

PROMOCIÓN E TITULACIÓN BACHARELATO

Supereradas todas as materias cursadas OU avaliación negativa en 2 materias como máximo (só se computarán as materias que como mínimo a alumna ou o alumno deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua galega e literatura)

Promoción ao segundo curso con materias pendentes

Con 1 ou 2 materias: matricularse delas e cursalas ao longo do 2º curso. A avaliación destas materias terá que ser anterior á das materias de segundo curso.

Repetir 1º BACH curso na súa totalidade.

Título de bacharel

Avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato

Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título cunha materia suspensa, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes

1. Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.

2. Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.

3. Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.

4. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerárase a nota numérica obtida na materia non superada.

Título de Bacharel

Único e expedirase con expresión da modalidade cursada e da nota media.

REPETICIÓN DE MATERIAS OU CURSO EN 2º bach

A avaliación negativa nalgúnhas materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas ou poderán optar, así mesmo, por repetir o curso completo. Neste último caso, non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna ou o alumno tivera superado previamente.

Información presentada na CCP 7 de abril

ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

1. ESO

1. As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso. En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

2. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

3. Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos.

Cando o número de candidatos/as sexa maior que o número de matrículas que poida conceder o centro, empregaranse para a elección aos seguintes criterios na orde indicada:

- Maior nota media de 4º de ESO.
- Maior nota media de todo a ESO.
- En caso de continuar o empate, será o equipo docente o que decida, mediante unha votación.

Se tralo proceso de revisión de cualificación causado por reclamación formal, se procedera a modificar algunha das cualificacións finais, anularíanse as matrículas concedidas e procederíase a aplicar de novo os criterios anteriores.

Art. 12 Orde do 25 de xaneiro de 2022.

1. Bacharelato

1. O alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do segundo curso, obtivese unha nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso. En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no segundo curso de bacharelato sexa inferior a vinte, poderá concederse unha distinción de matrícula de honra.

2. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

3. Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos.

4. Cando o número de candidatos/as sexa maior que o número de matrículas que poida conceder o centro, empregaranse para a elección os seguintes criterios, na orde indicada:

1. Maior nota media de 2º de Bacharelato.
2. Maior nota media de todo o Bacharelato.
3. Maior media das materias troncais máis libre configuración autonómica.

4. En caso de continuar o empate, será o equipo docente o que decida, mediante unha votación.

Se tralo proceso de revisións diante dunha reclamación formal, se procedera a modificar algunha cualificación final, anularíanse as matrículas concedidas e procederíase a aplicar de novo os criterios anteriores.

Art. 18 ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

I) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

Elaboración:

Artigo 41. Programacións didácticas DE QUE DECRETO??

1. O profesorado dos centros docentes, baixo a coordinación das xefaturas dos departamentos didácticos ou, de ser o caso, do profesorado titor ou coordinador de ciclo, desenvolverá o currículo establecido mediante a programación didáctica de cada área, materia ou ámbito de cada curso do segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria ou de bacharelato que teña encomendada na organización docente do centro.

2. A programación didáctica, que será única para o mesmo nivel, deberá ser o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado de maneira coordinada entre o profesorado integrante do departamento ou, de ser o caso, do equipo docente.

3. As programacións didácticas das áreas, materias ou ámbitos do segundo ciclo da educación infantil; do primeiro, terceiro e quinto cursos da educación primaria; do primeiro e terceiro cursos da educación secundaria obrigatoria, e do primeiro curso do bacharelato,

incluirán en cada área, materia ou ámbito, polo menos, os seguintes elementos:

a) Introducción.

b) Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias.

c) Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, que incluirán a parte do currículo da área, materia ou ámbito que se traballará e a relación de instrumentos de avaliación.

d) Metodoloxía.

- Concrecións metodolóxicas.
- Materiais e recursos didácticos.

e) Avaliación.

- Procedemento para a avaliación inicial.
- Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación e criterios de recuperación ou criterios de valoración, no caso de educación infantil.
- Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes, no caso da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.
- Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.

f) Medidas de atención á diversidade.

g) Transversal.

- Concreción dos elementos transversais.
- Actividades complementarias.

h) Práctica docente.

- Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
- Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.
- Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
- Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

Os centros docentes sostidos con fondos públicos deberán utilizar para a elaboración e o seguimento das ditas programacións a aplicación informática de programacións a que se refire o segundo parágrafo do artigo 4.2 da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. A dita aplicación informática tamén será utilizada para a entrega, a supervisión e a comprobación por parte das xefaturas de departamento ou, de ser o caso, do profesorado titor ou coordinador de ciclo, así como por parte das direccións destes centros e da Inspección educativa.

Avaliación:

En cada programación constarán os procedementos de avaliación e o seguimento da mesma e mediante a aplicación informática de programacións a que se refire o segundo parágrafo do artigo 4.2 da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. A dita aplicación informática tamén será utilizada para a entrega, a supervisión e a comprobación por parte das xefaturas de departamento ou, de ser o caso, do profesorado titor ou coordinador de ciclo, así como por parte das direccións destes centros e da Inspección educativa.

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica:

- Ao final de cada avaliación revisaremos o desenvolvemento da programación, indicando claramente:
 - Os contidos que foi preciso engadir ou eliminar con respecto á programación prevista.
 - As medidas que se adoptarán como resultado da revisión.

Avaliaranse nunha escala de 1 a 5 a consecución dos seguintes indicadores de logro:

1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. [Só para ESO e bach.].
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.
15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos [Só para determinadas materias de 2º de bacharelato].
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. [Só para ESO e bacharelato].
19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. [Só para ESO e bach].
20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]
21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

Modelo de resumo da programación didáctica:

Anexo III. Resumo da programación didáctica.

MATERIA:
CURSO:
DOCENTE:
CONTIDOS

[Índice das unidades que se desenvolverán no curso
Indicacións a borrar!]

SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

Unidades

1ª Aval

2ª Aval

3ª Aval

Sesións

AVALIACIÓN

[Periodicidade coa que se farán probas escritas

Como se cualifican as probas, os traballos individuais ou colectivos, o traballo no caderno de clase, a observación do traballo na aula

Aspectos que se van valorar dentro da observación do traballo na aula e instrumentos para a recollida desta información

Como se calcula a cualificación de cada unha das avaliacións

Indicacións a borrar!]

RECUPERACIÓNS

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

O centro paticipará naqueles proxectos, plan e programas que contribúan a cumprir e consolidar os obxectivos da PXA.

1. Consolidar a organización e xestión do centro.
 2. Manter un bo clima de traballo de toda a comunidade educativa.
 3. Reforzar a educación para a igualdade baseada na non discriminación.
 4. Consolidar o índice de titulación.
 5. Reforzar a apertura do centro a unha dimensión europea dende a perspectiva da cultura propia.
- Apostamos polas STEM.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

Ao inicio de cada curso revisarase, avaliarase e modificarase esta concreción curricular en base as modificacións curriculares, instrucións ditadas pola Consellería e as propostas de mellora para o curso inseridas na Memoria Anual do curso.

O equipo directivo redactará un primeiro borrador que incluírá as propostas de cada Departamento Didáctico e someterá a aprobación final ao Claustro.

o) Outros apartados

1. Non hai

Non hai